

RESUMEN DA PROGRAMACION DE MATEMÁTICAS-5º PRIMARIA

Primeira avaliación

CONTIDOS

Os números naturais : lectura, escritura, valor das cifras e comparación ($>$ e $<$)
Operacións con nº naturais : suma e resta. Propiedades
Operacións con nº naturais: multiplicación e división. Propiedades
As fraccións: termos, comparación con outras e coa unidade
Operacións con fraccións : fracción dun número, suma e resta de fraccións con igual denominador, fraccións equivalentes e fracción decimal

Nº de sesións por tema.....

8

DATAS APROXIMADAS DAS PROBAS:

Farase unha proba por cada unidade didáctica en cada avaliación

MINIMOS ESIXIBLES

Comparar e ordenar nº naturais. Redondeo. Utilizar as propiedades da suma. Usar nº romanos
Realizar multiplicacións e utilizar as propiedades da multiplicación..Descompoñer un nº en factores
Dividir e realizar a proba da división.Recoñecer a propiedade fundamental da división.
Resolver expresións con varias operacións
Escribir, representar, comparar e resolver problemas con fraccións. Interpretar a fracción como división
Calcular a fracción dun nº.Sumar e restar fraccións de igual denominador.Obter fraccións equivalentes e representar fraccións decimais

1.2-Segunda avaliación

CONTIDOS

Os nº decimais: comparación ,redondeo
Operacións con nº decimais : suma, resta, multiplicar e dividir por naturais, multiplicar e dividir entre 10,100 e 1000
As rectas e os ángulos : clases de rectas e ángulos, medida de ángulos, mediatriz e bisectriz, ángulos consecutivos, adxacentes e opostos polo vértice.
As figuras planas: clases e elementos dos polígonos, triángulos e cuadriláteros, polígonos regulares, circunferencia e círculo
Os corpos xeométricos :prismas e pirámides,poliedros regulares, corpos redondos e de

revolución

Nº de sesións por tema.....8

DATAS APROXIMADAS DAS PROBAS

Farase unha proba por cada unidade didáctica en cada avaliación

MINIMOS ESIXIBLES

Comparar e representar nº decimais. Redondear
Sumar, restar, multiplicar e dividir números decimais
Recoñecer e medir ángulos. Debuxar bisectriz e mediatriz
Recoñecer os elementos dun polígono e clasificálos. Recoñecer triángulos e cuadriláteros. Recoñecer polígonos regulares
Recoñecer os elementos dun poliedro e o seu desenvolvemento. Clasificar os poliedros regulares. Identificar os elementos dos corpos redondos

Terceira Avaliación

CONTIDOS

A lonxitude : sistema métrico decimal, expresións, cambios de unidades operacións con lonxitudes e escalas en mapas
Peso e capacidade : unidades, múltiplos e submúltiplos, fraccións e decimais
Movimentos no plano e superficie : simetría e traslación, unidades de superficie, área de figuras planas
Tempo e diñeiro : sistema sexagesimal, suma e resta con unidades de tempo, operacións con euros e redondeo
Estadística e probabilidade

Nº de sesións por tema.....8

DATAS APROXIMADAS DAS PROBAS

Farase unha proba por cada unidade didáctica en cada avaliación

MINIMOS ESIXIBLES

Coñecer as unidades de lonxitude, peso e capacidade e aplicalas correctamente na resolución de problemas sinxelos.
Recoñecer os eixes de simetría e realizar traslacións. Calcular superficies de figuras xeométricas
Realizar operacións con unidades de tempo. Realizar operacións con euros e redondear prezos

Usar táboas de frecuencias e interpretar gráficos. Calcular a media

2.-INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE DO ALUMNADO

Para avaliar ó alumnado e para controlar a consecución dos obxectivos xerais establecidos na programación, teremos en conta os seguintes aspectos:

2.1.Preguntas na aula ou probas cortas de algúns aspectos dos temas

2.2 Control diario do traballo persoal realizado no caderno

2.3.Actitude e traballo diario na aula

2.4.-Probas escritas

Os apartados 2.1, 2.2, e 2.3 poden supor ata o 30% da nota de avaliación

3.-NÚMERO E TIPO DE PRBAS ESCRITAS

O nº de prbas escritas será de un por cada unidade, aproximadamente ,cinco por avaliación.

As probas consistirán na resolución de exercicios similares ós realizados nas clases.As preguntas de tipo teórico serán moi sinxelas.

No contido das probas escritas un 60% das mesmas corresponderá ós contidos mínimos da materia establecidos na programación.

As probas correxidas serán entregadas ós alumnos para a súa revisión e logo serán recollidas polo Profesor/a

4.-SISTEMA DE AVALIACIÓN

O sistema de avaliación será contínuo, polo que a nota que se transmita no boletín reflectirá a situación académica global do alumno nese momento determinado, e en ningún caso se referirá á valoración do último periodo.